



## Concello de Pontecesures

### EXPEDIENTE Nº 1033/2022

#### **Asunto: ACTA DE VALORACIÓN DAS ALEGACIÓNS A PRIMEIRA PROBA DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO, PARA A CONSTITUCIÓN DE UNHA BOLSA DE TRABALLO DE OFICIAIS ADMINISTRATIVOS/AS PARA O CONCELLO DE PONTECESURES.**

En data 12 de xaneiro de 2024 e sendo as 12:00 horas, reúnese de maneira telemática o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a constitución de unha bolsa de traballo de oficiais administrativos/as para o Concello de Pontecesures, baixo a presidencia de dona M.<sup>a</sup> Ángeles García Villaverde, Secretaria-Interventora do Concello de Pontecesures, e coa asistencia dos vogais: Dona Rocío de Sinde Penas, Técnica de Xestión do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra; Dona María del Carmen Baloira Duro, Xefa da Sección de Xestión Cultural da Deputación, Dona Raquel Carracedo Picáns, Administrativa do Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra, actuando como secretario, Don José Marcelino Rivera Rarís, interventor accidental do Concello de Padrón **quen dá fe do acto.**

#### **REVISIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADA A PRIMEIRA PROBA DO PROCESO SELECTIVO DAS SEGUINTE PERSOAS ASPIRANTES:**

Con data 20 de decembro de 2023, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Castro Gigirey presenta o seguinte escrito de alegacións (registro entrada 2023-E-RC-2230):

*EXPÓN: "1º Que con data 14/12/2023 participei no exercicio (tipo test) do proceso de selección para a creación dunha Bolsa de Oficial Administrativo (Expediente 1033/2022) convocada por Resolución da Alcaldía número 2023/0153 e publicada en BOPP 30/03/2023 do Concello de Pontecesures*

*2º Que finalizado o exercicio e á vista da planilla de resposta publicada na sede electrónica do Concello de Pontecesures (<https://pontecesures.sedelectronica.gal/board>) con data 14/12/2023 e unha vez cotexadas as respostas propostas polo Tribunal coa normativa correspondente, atopo motivos para solicitar a revisión das preguntas número 13 e 32 da referida planilla, tal e como de seguido expoño:*

*Pregunta nº 13.- ¿Quién puede proponer una reforma constitucional en España?*

- b. el gobierno*
- c. el Congreso de los Diputados o el Senado (...)*

*Resposta proposta polo tribunal = C*

*Vistos os artigos 166 e 87 da Constitución Española e vista a ambigüidade das respostas que se propoñen, considero procedente a anulación da pregunta por non dispoñer dunha resposta precisa e única.*

*Pregunta nº 32.- ¿Cuál de las siguientes afirmaciones es correcta según las certificaciones de los acuerdos según el reglamento de organización, régimen jurídico de las entidades locales, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2568/1986 de 28 de noviembre?*

- b. las certificaciones solo pueden ser expedidas por el secretario del órgano colegiado.*
- c. las certificaciones deben contener una relación pormenorizada de los acuerdos adoptados*

*Resposta proposta polo tribunal = C*

*Tendo en consideración o establecido no artigo 204 do Real Decreto Legislativo 2568/1986 de 28 de novembro, debe entenderse que a resposta B é correcta.*



*SOLICITA: "Que tendo por presentado este escrito, se sirva admitilo e ter así mesmo por formulada reclamación respecto das respostas propostas polo Tribunal Cualificador para as preguntas número 13 e 32 e sexan rectificadas as mesmas no sentido que quedou exposto neste escrito".*

Á vista da anterior reclamación, reunido o Tribunal seleccionador, os seus membros acordan por unanimidade, o seguinte:

- Respecto da pregunta 13, debe ser anulada e substituída pola segunda das preguntas de reserva dado que son correctas as respostas b) e c) conforme ao reflectido no artigo 87 da Constitución Española que dispón que "A iniciativa legislativa corresponde ao goberno, ao congreso e ao senado, de acordo coa Constitución e os regulamentos das cámaras".

- Respecto da pregunta 32, sinalar que o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que as certificacións dos acordos expediranse sempre polo Secretario (sen que sexa so o do órgano colexiado), salvo precepto expreso que dispoña outra cousa. Polo que este Tribunal acorda, por unanimidade dos seus membros, manter como resposta correcta a opción "c) As certificacións deben conter unha relación pomenorizada dos acordos adoptados"

Á vista do exposto, o Tribunal acorda estimar parcialmente as alegacións presentadas por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Pilar Castro Gigirey, anulando a pregunta nº 13 e ratificando a validez da pregunta nº 32 nos termos expostos no corpo do presente acordo

**En data 20 de decembro de 2023, D<sup>a</sup> Begoña Castelao Ferreiro presenta o seguinte escrito de alegacións (registro entrada 2023-E-RE-833):**

*EXPÓN: "Boas tardes: O día 19/12/2023 sairon as notas provisionais do proceso de selección para a creación dunha bolsa de traballo de oficiais administrativos, vista a plantilla das respostas correctas que saíu o 14/12/2023, vexo que na pregunta 13 do exame de oficial administrativo que di: ¿Quién puede proponer una reforma constitucional en España? a) El Rey b) El Gobierno c) El congreso de los diputados o el Senado d) El tribunal constitucional. Dase por correcta a C), pero segundo o artigo 166.1 da Constitución que nos remite ó artigo 87 apartados 1 e 2 que di que " La iniciativa legislativa corresponde al gobierno, al congreso y al senado,... ". serian correctas as respostas B ) e C )*

*SOLICITA: "Que se anule a pregunta 13 xa que, salvo erro, ten dúas respostas correctas".*

Á vista da anterior reclamación, reunido o Tribunal seleccionador, os seus membros acordan por unanimidade o seguinte:

A pregunta nº 13 debe ser anulada e substituída pola segunda das preguntas de reserva dado que son correctas as respostas b) e c) conforme ao reflectido no artigo 87 da Constitución Española que dispón que "A iniciativa legislativa corresponde ao goberno, ao congreso e ao senado, de acordo coa Constitución e os regulamentos das cámaras".

Á vista do exposto, o Tribunal acorda estimar as alegacións presentadas por D<sup>a</sup> Begoña Castelao Ferreiro, anulando a pregunta nº 13 nos termos expostos no corpo do presente acordo.

**Con data 21 de decembro de 2023, D<sup>a</sup> Eva Regina Campos Fernández, presenta o seguinte escrito de alegacións (registro entrada 2023-E-RE-839):**



## Concello de Pontecesures

*EXPÓN: “Que o pasado día 14 de decembro de 2023 realicei a proba tipo test do proceso selectivo para a configuración dunha bolsa de oficiais administrativos do Concello de Pontecesures. Que segundo a plantilla de respostas correctas, publicada o mesmo día da proba na páxina web do Concello, o número de respostas correctas que obtiven foi 32 e incorrectas 6 polo que a nota final serían 14,5 puntos e non 13,5 puntos, tal e como figura no anuncio da lista de puntuacións da proba tipo test publicada tamén na páxina web do Concello o 19 de decembro de 2023.”.*

*SOLICITA: “Que se revise e modifique a nota da proba tipo test”.*

Á vista da anterior reclamación, reunido o Tribunal seleccionador, os seus membros acordan por unanimidade, o seguinte:

Unha vez revisado o resultado arrochado pola máquina de corrección automática de probas tipo test, conclúese que a persoa aspirante obtivo 30 acertos, 6 respostas incorrectas e 4 en branco. De acordo coas bases xerais da convocatoria (cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada), as 6 mal contestadas restan 3 puntos, resultando 27 acertos, o que supón unha nota equivalente a 13,50 puntos na puntuación final.

Á vista do exposto, o Tribunal acorda desestimar as alegacións presentadas por D<sup>a</sup>. Eva Regina Campos Fernández, ratificando a nota outorgada nos termos expostos no corpo do presente acordo.

**Con data 21 de decembro de 2023, D<sup>a</sup> Lucía García Miras presenta o seguinte escrito de alegacións (rexistro entrada: 2023-E-RE-840)**

*EXPÓN: “Yo, Lucía García Mirás con DNI 44840900-P como participante en el proceso selectivo para a selección y posterior creación de una bolsa de trabajo de oficiales administrativos/as para el ayuntamiento de pontecesures en el examen que se realizó el pasado jueves 14 de diciembre”.*

*SOLICITA: “La impugnación de la pregunta 17:*

*¿ Cúal de las siguiente afirmaciones es correcta sobre el silencio administrativo establecido en la Ley 39/2015?*

- a. El silencio administrativo es siempre positivo*
- b. El silencio administrativo es siempre negativo*
- c. El silencio administrativo es positivo cuando se trata de procedimientos iniciados a solicitud del interesado*
- d. El silencio administrativo es negativo cuando se trata de procedimientos abreviados*

*Dando la plantilla como correcta la respuesta C y no es del todo correcta ya que si un procedimiento de responsabilidad patrimonial es iniciado a solicitud del interesado el SILENCIO va a ser siempre negativo por lo que la respuesta C no es correcta.*

*Siguiendo la Ley 39/2015 de 1 de octubre de Procedimiento en su artículo 24 dice:*

*“El silencio tendrá efecto desestimatorio en los procedimientos relativos al ejercicio del derecho de petición, a que se refiere el artículo 29 de la Constitución, aquellos cuya estimación tuviera como consecuencia que se transfirieran al solicitante o a terceros facultades relativas al dominio público o al servicio público, impliquen el ejercicio de actividades que puedan dañar el medio ambiente y en los procedimientos de responsabilidad patrimonial de las Administraciones Públicas.*



*El sentido del silencio también será desestimatorio en los procedimientos de impugnación de actos y disposiciones y en los de revisión de oficio iniciados a solicitud de los interesados”.*

Á vista da anterior reclamación, reunido o Tribunal seleccionador, os seus membros acordan por unanimidade, o seguinte:

Conforme ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2025, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a regra xeral do sentido do silencio nos procedementos iniciados a solicitude do interesado é o carácter positivo. Ademais, as outras respostas en ningún caso poden ser correctas conforme á lexislación e tendo en conta que o procedemento abreviado non se regula na Lei 39/2015, de 1 de outubro, senón no ámbito da Xurisdición contencioso-administrativa.

Á vista do exposto, o Tribunal acorda desestimar as alegacións presentadas por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Lucía García Miras, ratificando a validez da pregunta nº 17 nos termos expostos no corpo do presente acordo.

**Con data 21 de decembro de 2023, D<sup>a</sup> Lucía Silva Canaval presenta o seguinte escrito de alegacións (rexistro entrada 2023-E-RE-838):**

*EXPÓN: “Primero. La pregunta n.º 13 del cuestionario dice:*

*“¿Quién puede proponer una reforma constitucional en España?*

- a) El Rey.*
- b) El Gobierno.*
- c) El Congreso de los Diputados o el Senado.*
- d) El Tribunal Constitucional.”*

*En la plantilla de respuestas publicada por el tribunal se indica que la opción correcta es la c).*

*El artículo 166 de la Constitución recoge los sujetos que tienen iniciativa de reforma constitucional asimilándose a lo dispuesto en el artículo 87.1 y 2 de la Constitución. Dichos sujetos son el Gobierno, el Congreso, el Senado y las Comunidades Autónomas. En consecuencia, en la pregunta habría dos posibles respuestas correctas, la opción b) y la opción c).*

*Segundo. La pregunta n.º 17 del cuestionario dice:*

*“¿Cuál de las siguientes afirmaciones es correcta sobre el silencio administrativo establecido en la Ley 39/2015?*

- a) El silencio administrativo es siempre positivo.*
- b) El silencio administrativo es siempre negativo.*
- c) El silencio administrativo es positivo cuando se trata de procedimientos iniciados a solicitud del interesado.*
- d) El silencio administrativo es negativo cuando se trata de procedimientos abreviados.”*

*En la plantilla de respuestas publicada por el tribunal se indica que la opción correcta es la c).*



## Concello de Pontecesures

*Si bien de acuerdo con el artículo 24.1 de la Ley 39/2015, en el caso de procedimientos iniciados a solicitud del interesado existe la posibilidad de que el silencio administrativo sea positivo, la respuesta no es completamente concluyente para todos los casos, ya que el efecto del silencio puede variar dependiendo de la normativa específica aplicable a cada tipo de procedimiento dentro del marco de la Ley 39/2015.*

*Por otro lado, siguiendo el criterio aplicado al otorgar validez a la opción de respuesta c), la opción*

*d) sería igualmente correcta ya que, en general, en los procedimientos administrativos abreviados, el silencio se considera como una respuesta negativa por parte de la administración. Sin embargo, es importante acudir a la normativa específica que regula el procedimiento abreviado en cuestión, ya que las leyes y reglamentos pueden establecer excepciones o disposiciones particulares sobre el efecto del silencio administrativo en determinados tipos de procedimientos abreviados.*

*En conclusión, las opciones c) y d) podrían ser igual de correctas o incorrectas, según el criterio que se quiera aplicar, en cuyo caso en la pregunta habría dos respuestas correctas o ninguna”.*

*SOLICITA: “- Que se tenga por presentado este escrito de alegaciones en tiempo y forma.*

*- Que se anule la pregunta n.º 13 por contener dos respuestas correctas.*

*- Que se anule la pregunta n.º 17 por contener dos posibles respuestas correctas o ninguna”.*

Á vista da anterior reclamación, reunido o Tribunal seleccionador, os seus membros acordan por unanimidade o seguinte:

- Respecto da pregunta 13, debe ser anulada e substituída pola segunda das preguntas de reserva dado que son correctas as respostas b) e c) conforme ao reflectido no artigo 87 da Constitución Española que dispón que “A iniciativa legislativa corresponde ao goberno, ao congreso e ao senado, de acordo coa Constitución e os regulamentos das cámaras”.

- Respecto da pregunta 17, sinalar que conforme ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a regra xeral do sentido do silencio nos procedementos iniciados a solicitude do interesado é o carácter positivo. Ademais, as outras respostas en ningún caso poden ser correctas conforme á lexislación e tendo en conta que o procedemento abreviado non se regula na Lei 39/2015, de 1 de outubro, senón no ámbito da Xurisdición contencioso-administrativa. Polo que este Tribunal acorda, por unanimidade dos seus membros, manter como resposta correcta a opción “c) O silencio administrativo é positivo cando se trata de procedementos iniciados a solicitude do interesado”.

Á vista do exposto, o Tribunal acorda estimar parcialmente as alegacións presentadas por D<sup>a</sup>. Lucía Silva Canaval, anulando a pregunta n.º 13 e ratificando a validez da pregunta n.º 17 nos termos expostos no corpo do presente acordo.

Tendo en conta que, este tribunal acorda estimar as reclamacións efectuadas respecto da pregunta n.º 13, debendo procederse á súa anulación. Se procede a realizar unha nova corrección automática engadindo a pregunta n.º 2 das de reserva, que se realiza coa asistencia do servizo de programación da Deputación de Pontevedra. Sendo as puntuacións definitivas as seguintes:



DNI	Nome	Apellido1	Apellido2	Nota
***2199**	M <sup>a</sup> JESUS	PENA	BUA	16,25
***8795**	ANA CRISTINA	CORTEGOSO	ACUÑA	16,00
***8786**	BELÉN	TEJO	FUENTES	16,00
***0931**	ROCIO	MARTÍNEZ	PÉREZ	15,50
***2835**	LUCIA	SILVA	CANABAL	15,50
***8239**	CARMEN	OTERO	BRAVO	14,50
***7549**	EVA REGINA	CAMPOS	FERNÁNDEZ	14,25
***8201**	RAUL	BUA	IGLESIAS	14,00
***4090**	LUCIA	GARCIA	MIRÁS	13,75
***9960**	BEGOÑA	CASTELAO	FERREIRO	13,75
***7675**	GUADALUPE	JAMARDO	VILLAMARÍN	13,25
***8841**	ANA BELÉN	RODRÍGUEZ	BALEIRÓN	13,00
***5244**	ELVIRA	PINAL	MOREIRA	12,50
***5211**	M <sup>a</sup> JOSÉ	COUSIDO	FERNÁNDEZ	12,25
***8471**	ANTONIO	FERNÁNDEZ	GARRIDO	12,25
***6212**	GABRIEL	ROMÁN	RADIO	12,00
***7452**	MARÍA PILAR	CASTRO	GIGIREY	10,50
***5355**	ANA MARCELA	TRONCOSO	PAZ	8,50
***4996**	NOELIA	FERREIRO	MARZOA	7,75
***7692**	MARCOS	VIQUEIRA	GARCÍA	7,75
***6139**	M <sup>a</sup> DEL CARMEN	PORTO	GARCÍA	7,25
***7332**	LORENA	GONZALEZ	FERRERO	5,25
***2016**	M <sup>a</sup> DOLORES	MIRAS	JORGE	2,75
***5186**	ROSA M <sup>a</sup>	BARRAL	PIÑEIRO	1,50

**FINALIZACIÓN DA SESIÓN:** Ás 13:00 horas a presidente da por rematada a sesión, do que eu secretario dou fe.